



Rúa Eduardo Vincenti nº8 , 36930 Bueu (Pontevedra)
Telf: 986 39 00 29 , Fax: 986 32 20 99 , C.I.F.: P3600400J

Rf.: P/S/C78-15 (relac. co C23-15)

ANUNCIO

Asto.- FORMALIZACIÓN DA MODIFICACIÓN DO CONTRATO ADMINISTRATIVO DE SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF) DO CONCELLO DE BUEU

O Servizo de axuda no Fogar do concello de Bueu foi adxudicado por procedemento aberto con pluralidade de criterios, non suxeito a regulación harmonizada e de tramitación ordinaria a IDADES S.L, CIF. B-36577542 por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada o 20.7.2015. O contrato administrativo formalizouse en documento administrativo o 4.9.2015.

Con data 8.1.2016 procedeuse á formalización do documento no que se recolle a modificación do contrato administrativo do contrato do Servizo de Axuda no Fogar (SAF) do Concello de Bueu, aprobada por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada o 21.12.2015.

A modificación do contrato administrativo do SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE BUEU formalizado coa entidade Mercantil "IDADES S.L." , con data 4.9.2015 ten por obxecto ampliar o número de horas do servizo de SAF para persoas en situación de dependencia.

Con esta modificación o prezo de adxudicación para a modalidade de SAF para persoas en situación de dependencia (con IVE) pasa de 141.316,4 €/ anuais a 155.780,72 €/ anuais, manténdose inalterable o prezo de adxudicación da modalidade do SAF de libre concorrancia.

Os prezos aplicables á modificación serán os que resultan da seguinte cadro:

A. SAF DEPENDENCIA.-

Prezo anual (sen IVE)	IVE anual	Prezo anual (con IVE)	Prezo TOTAL, incluídas as prórrogas (IVE engadido)
149.789,16 €	4%-5.991,57 €	155.780,72 €	467.342,16 €

B. SAF LIBRE CONCORRENCIA.-

Prezo anual (sen IVE)	IVE anual	Prezo anual (con IVE)	Prezo TOTAL, incluídas as prórrogas (IVE engadido)
30440,76 €	10%-3044,07 €	33484,83 €	100.454,49 €

Dita modificación é obrigatoria para o contratista adxudicatario e supón unha alteración do prezo de adxudicación do contrato que pasa do importe anual de 166321,92 euros, sen IVE, a 180.229,92 euros polas dúas modalidades de prestación, aos que sería de aplicación o 4% e o 10% de IVE para o SAF Dependencia e SAF libre concorrancia respectivamente, o que supón que o importe anual polas dúas modalidades de prestación pase de 174.801,23 euros IVE engadido a 189.265,55 euros IVE engadido.

Os dereitos e obrigas das partes, garantía das prestacións, prerrogativas da Administración, natureza e demais circunstancias do contrato de servizo son as establecidas no contrato de 4.9.2015.

O que se fai público no perfil do contratante do Concello de Bueu en cumprimento do establecido no Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de Contratos do Sector público (TRLCSP).

En Bueu a 11 de xaneiro de 2016

O alcalde,
Félix Juncal Novas